

# Cousas de Chucho Cacho

por Darío Xohán Cabana

Chámome Chucho Cacho e son un ourizo. Non me meto con ninguén, pero seime defender se chega o caso.

\* \* \*

Cando alguén se mete comigo, convértome nunha pelota de espiñas. Mesmo os cans me collen medo, e déixanme en paz.

\* \* \*

Nacín entre uns ramallos á beira da estrada. Quedei orfo moi noviño. Miña mai morreu esmagada polas rodas dun automóbil.

\* \* \*

Un día atopoume un rapaz que se chama Alberte, e levoume canda el.

\* \* \*

A mai do Alberte díxolle ó seu fillo: —Fixeches moi ben en traelo. Ese ourizo pode acabar cos caracois que nos comen as leitugas.

Pero aínda non era o tempo dos caracois. E como me viron esfameado, botáronme unha cousa branca nun prato.

\* \* \*

¡Ai, que cousa máis sabedora! Sentín dicir que lle chaman leite. Sabe case igual có que eu mamaba na defunta de miña mai.

Se me deran canto leite quixera, non volvía comer un insecto na miña vida.

\* \* \*

Ceibáronme nun horteiro. O Alberte vive nunha casa pequena que ten un horteiriño detrás. Nel plantan leitugas, cebolas, allos, repolos e outras cousas que come a xente. Tamén hai algunha roseira.

\* \* \*

Nun recanto do horteiro hai un sitio que me convén. Fago nel a miña casa.

\* \* \*

A min gústame moito durmir de día. O Alberte espértame ás veces, cando estou soñando con pratos cheos de leite. Eu non llo tomo a mal. Alberte é bo rapaz, aínda que dorme de noite.

\* \* \*

Xa case non quedan caracois nin insectos no xardín. Como non me dean outra cousa de comer, creo que vou pasar fame.

\* \* \*

Pero o Alberte é un bo amigo. Sempre me trae lambetadas. Estou medrando moito.

\* \* \*


Hoxe o pai do Alberte tróuxeme compañía. Pero non é un ourizo: é unha ouriza, e chámase Chicha Cacha. Pregúntolle se quere vivir comigo na casa que fixen.

\* \* \*

Neste horteiro estase moito ben. Non pasan automóviles por enriba dos ourizos. Non hai tampouco ningún can. A Chicha e mais eu pasámo-lo tempo moi divertidos. Nunca nos temos que converter en pelotas de espiñas.

\* \* \*

Incluso nos gusta espertar de día algunha vez. Aquí o día non é perigoso. O Alberte non se esquece nunca



JOKIN MITXELENA.

de traernos algo de comer. E algún bicho aínda queda.

A Chicha está engordando moito, sobre todo pola parte da barriga. E ten moitos miocos. A min paréceme que vai pasar algo importante.

¡Xa pasou algo importante! A Chicha adelgazou moito. Non sei como imos facer para criar tantos ourizos pequenos.

\* \* \*

\* \* \*